

## **PROVIDENCIA DE ALCALDÍA**

Esta alcaldía considera necesario proceder á contratación do arranxo do alumado en varios lugares das parroquias de Bures e Brandeso, Lugar de Raídos e outros.

As necesidades administrativas que se pretenden cubrir mediante o contrato proxectado son proporcionar unha iluminación adecuada en cada zona para obter a máxima seguridade tanto viaria como peonil, e promover o progreso e desenrolo da comunidade; mediante a instalación de equipos electrónicos con lámpadas LED de alto factor, que permitan un menor consumo de enerxía.

A empresa que elaborou o proxecto deste contrato é Estudio Técnico Gallego S.A. coa que o Concello de Arzúa ten contratado o servizo de asistencia técnica urbanística.

Para a adxudicación deste contrato seguirase a tramitación establecida para o procedemento aberto ordinario, regulado nos artigos 156 a 158 da LCSP, tendo en conta que o procedemento aberto resulta ser o procedemento ordinario de contratación a teor do disposto no artigo 131.2 da LCSP.

Para ser adxudicatario do presente contrato é preciso acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional con arranxo ao establecido nos artigos 87.3.<sup>a</sup>) da LCSP -para a solvencia económica e financeira- e no artigo 89.3 da LCSP -para a solvencia técnica ou profesional-.

O valor estimado do contrato é de 58.328,89 €. Nel inclúense os seguintes conceptos:

- orzamento de execución material: 49.015,88 €
- gastos xerais (13%): 6.372,06 €
- beneficio industrial (6%): 2.940,95 €

A insuficiencia de medios persoais e materiais no Concello de Arzúa para levar a cabo o desenvolvemento destas actividades así como a conveniencia de non ampliar os existentes determina a necesidade de recorrer á contratación de empresas do sector relacionadas co obxecto do contrato.

A decisión por parte do órgano de contratación de non dividir o contrato en lotes xustifícase sobre a base de que dita revisión tería un importante para o concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coia seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.

Asemade, a división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia polo incremento do número de expedientes de contratación.

Os criterios de adxudicación elixidos son os seguintes:

- Criterios avaliábeis mediante xuízos de valor:

a) Memoria dos materiais propostos, que cumprindo coas homologacións recollidas no prego, demostren unha redución de polo menos un 40% do gasto enerxético dos elementos que se renovan.....ata 25 puntos

b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos:.....ata 20 puntos

- Criterios avaliados de forma automática mediante aplicación de fórmulas:

c) Melloras:.....ata 35 puntos

d) Oferta económica:.....ata 20 puntos

Para este contrato establécese como condición especial de execución para a empresa adjudicataria a obriga de realizar unha recollida selectiva dos residuos xerados durante a execución do contrato. Asemade deberá retirar os embalaxes e envases para depositalos nos contedores correspondentes ou, no seu caso, no punto limpo ou sistema de xestión de residuos autorizado.

En base ao exposto exercendo as competencias que en materia de contratación me outorga a lexislación vixente (disposición adicional segunda apartado 1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público) non delegada expresamente (como acto de trámite de incoación de expediente) na xunta de goberno local , **DISPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo adxudicación do contrato administrativo mixto de subministro e obra denominado “ARRANXO DO ALUMEADO NAS PARROQUIAS DE BURRES E BRANDESO, LUGAR DE RAÍDOS E OUTROS.”

**SEGUNDO.-** Incorporáranse a este expediente como anexo a esta Providencia os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares redactados polos servizos municipais correspondentes.

**TERCEIRO.-** Que se emita o informe correspondente por parte da Secretaría e Intervención.

**CUARTO.-** De ser favorables os informes, que se someta o expediente a consideración do órgano de contratación para que resolva o que proceda.

Arzúa 22 de abril de 2019

O Alcalde:

Asdo.- José Luís García López